


# Banda Deseñada

Novidades Febreiro 2006


## Biblioteca Pública da Coruña “Miguel González Garcés”

Expómos unha relación das novidades en banda deseñada (comics) que se recibiron na biblioteca durante o mes de xaneiro e principios de febreiro. Todas estas novidades poden atoparse na Sala de empréstimo de adultos, no primeiro andar da Biblioteca.



“Juana de Arco” de Andrés G. Leiva.

O autor, debuxante cordobés realiza unha visión particular da heroína francesa, cuns deseños moi expresionistas, axudados polas cores rechamantes e pouco naturais das ceras empregadas na súa realización, que lle levou tres anos. Na narración hai referentes cinematográficos e saltos de tempo e espazo por medio de flashbacks, e o tratamento da pesoanxe principal mantenos pegados a ela até a fin do relato.




“Aeon Flux”, de Mike Kennedy e Timothy Green II.

Banda deseñada que adapta a o filme de recente estrea, tamén baseado nunha serie de animación da MTV. O argumento trata dun mundo perfecto, no que un grupo de guerreiros loitará pola liberdade dos seres humanos. A axente Aeon flux, infiltra-se na sociedade de Bregna para destruír unha ameaza contra a vida na Terra



“Balada de la Costa Oeste”, de Tardi e Manchete

Adaptación dunha novela de xenero negro de Manchette, os deseños de Tardi, en branco e negro, teñen toda a forza das súas obras, o contraste entre os escenarios de Paris e os das montañas dos Alpes transportannos aos filmes en branco e negro dos anos cincuenta, nunha historia de violencia que atrapa ao protagonista, un executivo corrente.



“El circo del desaliento” de David Rubín

Recopilación moi interesante de historias curtas dun dos autores galegos de banda deseñada de maior éxito ulitilmente. No ano 2005 gañou os premios “Castelao” da Deputación da Coruña, cunha historia publicada neste volume, e “Na Vangarda” da Xunta de Galiza. Destaca Miguelanxo Prado no limiar o seu debuxo e á súa faceta como “narrador”. No manexo do “tempo” e dos silenzos que requiren as historias.




“La chica perdida” de Nabil Kanan

Kanan, autor británico, xunta un guión e debuxo sinxelos en branco e negro, que narran, dun xeito agradable, a historia dunha adolescente de vacacións coa familia. Coñece unha rapaza maior, sen ataduras, que a atrae polo aspecto do prohibido do seu xeito de vida, o paso da nenez á adolescencia, o descubrimento do sexo, a droga e a posibilidade de elección do xeito en que queremos vivir.




### “Valentine” de Anne Guillard

Valentine é unha moza adicta á depilación, que loita contra os pelos corporais. Nun formato imitando as revistas femininas mistura as bandas deseñadas con artigos humorísticos, pñretendidos anuncios ou un test sobre o peluda que se pode ser. Un comic irónico obra dunha muller que seguramente será mais comprendido por elas, pero que tamén divertirá aos homes.




### “Lenore” de Roman Dirge

Lenore, famosa niña morta, que debuxa Roman Dirge desde primeiros dos 90, historias cun humor negro grotesco e ás veces absurdo, pero unha personaxe francamente entranabel. Lenore vive nun casarón, cun grupo de amigos terroríficos, como Ragamuffin, vampiro de peluche que intenta recuperar os seus poderes, Mr.Gosh unha especie de boneco vudú, e Taxidermio un ente con cornos e que conduce un carro fúnebre




### “Kaarib, nº 2”, de Calvo e Krassinsky

Segundo volume dunha obra cun guión e deseño complexos que mistura historias de piratas no Caribe do século XVIII e unha historia fantástica nun mundo paralelo. É unha extraña viaxe na compañía dun servizo secreto de piratas ao servizo de Barba Negra. Neste volume desenvólvese a historia que se iniciou no anterior e agoira un grande final no próximo volume que rematará esta serie.



“El emperador Oceano” de Baranko

Obra dun autor ucraino, triloxía de anticipación cunha ambientación moi cribel e unha historia desconcertante segundo se desvela. A invocación do espírito de Gengis Khan, os clons de Newton, Lincoln e a existencia de deerciches espirituais, os restos das guerras de chechenia deixannos con ganas de observar o remate da historia no próximo e último volume desta triloxía.



“Giacomo C., nº 14” de Duffaux e

Griffo


Segue a serie de Duffaux e Griffo baseada na vida de Casanova. O encanto desta serie non só son as personaxes senón a propia cidade de Venecia, no século XVIII, cunha mistura de trama de intriga, amorosa e de aventuras. Neste volume remata a historia da medio irmá de Giacomo, Fiammina.



“Dixie Road, nº 4” de Duffaux e

Labiano

Volume final desta serie que transcorre nos Estados Unidos da época da depresión. A historia da moza Dixie e dos seus pais a traverso do país e padecendo os enfrontamentos entre os despousidos e os poderosos que tentan refrear as suas demandas sociais.



“Freaks of the heartland” de Steve

Niles e Greg Ruth. Unha comunidade na América profunda, chea de medos e terrores que non comprende. Un argumento de Steve Niles e posto en inquietantes imaxes por Greg Ruth.